Memoria

2021

Fundación Menela

O deseño desta memoria foi realizado por
Daniel Rodríguez Gómez, persoa con TEA
usuario da Fundación Menela

Índice

Presentación	4
Fundación Menela	8
Outras entidades Rede Menela	19
Servizos da Rede Menela	24
Outros servizos da Rede Menela	55
Sensibilización Social e Visibilidade	66
Comunicación e Difusión	82
Indicadores de Desempeño	90
Colaboradores, Financiadores e Provedores	100

1

Presentación

Fundación Menela presenta o balance da súa actividade do 2021. Cúmprese un ano desde que a crise provocada pola COVID-19 irrompese nas nosas vidas. O impacto nas persoas con TEA e as súas familias é incuestionable, tamén na actividade da Rede de Centros e Servizos da Fundación.

O esforzo dos profesionais que dan vida a esta entidade merece un claro recoñecemento, de aquí que, na presentación desta memoria, queramos recoller o relato de agradecemento dos rapaces e rapazas de Castro Navás con motivo do 'Xacobeo Autismo. Un Camiño de Todos', un proxecto de participación social que nos volveu situar na sociedade.

Neste mes de Maio retomamos o Proxecto Xacobeo Autismo, iniciado no pasado 2019 e que no 2020 quedou anulado polas restriccións impostas pola COVID-19, esa gran pandemia mundial!

*Dende o Centro Castro Navás levábamos un ano agardando éste momento pois as ganas e a ILUSIÓN por amosar que **SI SOMOS CAPACES**, por facer un entorno máis accesible para todos e sobre todo por DISFRUTAR son moi grandes!*

No 14 de Marzo do 2020 comezamos a vivir unha situación diferente nas nosas vidas: de súpeto tódolos residentes vímonos compartindo días, tardes e noites sen posibilidade de optar a diferenciar o día da semana que era pois, todos eran iguais... Nós precisamos a diario de axendas para favorecer esa ubicación e de súpeto non existían... Nesa "desubicación" iniciamos o noso esforzo por facer as cousas ben, adaptarnos á "nova normalidade" e FUMOS CAPACES DE FACELO grazas a vos. De súpeto vos, os nosos coidadores, fúchedes inculcándonos todo o contrario do que levades toda a vida pedíndonos: "distancia social". Inicialmente causounos rareza, pero unha vez máis continuamos esforzándonos e tentando voltar a poñer barreiras físicas para evitar o contacto cos demáis e con vos, curioso, verdade?... pois FUMOS CAPACES DE FACELO TAMÉN e foi grazas a vos.

Moitos de nós, como ben sabedes, podemos chegar a ter dificultades no cambio de rutinas e amosar rixidez. Ante ésta característica atopámonos tamén nestes pasados meses con situacións que, por prevención, tivéchedes que "illarnos" en espazos distintos aos nosos cuartos/Residencia por ter cursado algún síntoma compatible coa COVID-19...

Vos, con todo cariño, nolo disfrazáchedes como pequenos privilexios, coma se de campamentos se tratase ou simples obras de teatro cando tiñades que poñervos os EPIs para estar en contacto con nós... aquí de novo volvimos a SER CAPACES grazas a vos. Meses de restriccións, de distancia coas nosas familias, meses de non poder saír dar un paseo a Praia América, de non poder tomarnos un refresco nunha cafetería aínda cando en teoría as restriccións eran máis "suaves" pero nos, por ser Residentes, tivemos que continuar agardando e SI, AGARDAMOS TRABALLANDO A PACIENCIA e autocontrol con vos ao carón axudándonos.

O noso esforzo foi grande por poder estar hoxe aquí e decir orgullosos que, entre todos, fumos capaces de que o coronavirus non entrase na Residencia, pero éste éxito débese sobre todo a vos:

Ao completo dos traballadores do Centro Castro Navás.

Aos que estivéchedes dende o minuto un co valor que a situación requería, GRAZAS pola vosa valentía e entrega.

Aos que tivéchedes que illarvos tamén das vosas familias para poder vir traballar có fin de protexernos, GRAZAS pola vosa sensatez e profesionalidade!

A aqueles que chegado o momento pretendíades quedarvos con nós no Centro illados para facer un muro indestructible fronte a COVID-19. Grazas polo voso AMOR, calquer día cando nos apeteza, que vos parece facer un campamento todos xuntos?

Tamén aos que por causas varias tivéchedes que tomar un descanso neses meses... sabemos ben que a vida nos ubica en límites extraordinarios, e que cada persoa é única e afronta a realidade de mil formas distintas. Nós sempre estaremos agardando cos brazos abertos a que volvades pronto, o sabedes, verdade?

Aos que volvíchedes a Castro Navás tras outras experiencias laboráis ou aos que nestes últimos meses saíchedes do Centro a outros para ampliar a vosa experiencia laboral... sabedes ben que estaremos aquí cun sorriso e agardando volver a vernos pronto no Camiño da Vida.

Ás ATEs do Cole que viñéchedes a apoiar á nosa plantilla de traballadores no pasado verán, GRAZAS pola dedicación e vir sen dubidar para estar con nós en C.Navás, éste Lugar de Vida na Montaña de Nigrán.

A aqueles que vos incorporáchedes na plantilla de Castro Navás neste último ano GRAZAS por entender o funcionamento "excepcional" e darvos conta que o ritmo habitual do Centro non é o actual, GRAZAS por colaborar na recuperación da "normalidade" na nosa casa, pronto descubriredes o ritmo habitual.

Ao tremendo Equipo de Enfermería do Centro Castro Navás... Especial mención a Ana e María, GRAZAS por estar preto a calquera hora tanto para nós como para tódolos nosos coidadores, sodes incansables e indestructibles cando de coidarnos se fala... GRAZAS por coidarnos e mimarnos como o facedes cada día, e GRAZAS polo tremendo esforzo e cansancio que supuxo para vos tamén éste ano! Fúchedes e seguides sendo pezas fundamentais para nós.

Grazas a tódolos "achegados" da nosa casa, GRAZAS á Farmacia de Praia América que continuou en todo momento pendente de nós preocupándose e facéndonos chegar aquel material que íamos precisando cando eran momentos difíciles para atopar existencias, e que continuou tamén sendo fiel ao seu cariño anual polo Nadal para todos nos, GRAZAS!... GRAZAS a Aida por facer que nin as Pascuas nin o Entroido pasara por alto neste pasado ano e enviarnos os seus doces feitos con tanto cariño!

Grazas ao persoal de servizos... limpeza, cociña, mantemento, xardinería... o traballo aumentou nestes meses e vos fúchedes capaces de sácalo adiante!

Grazas ao Equipo Directivo por manter a organización do Centro "a flote", moitos mimbres e ben unidos cada un deles.

Camiñaredes con nós todos e cada un de vos, non só no camiño cara Compostela, camiñaredes con nós no Camiño da Vida!

Querémosvos cerca e querémosvos ben,

A vosa familia de Castro Navás:

PaulaDavidEloyMartaANaomiNoeliaARoquelvánAmiPabloCVíctorJoseNoeliaCAdriánCMarcoMartaDFerManoloGabrielJoseEJavierManuelFFigueAlexAdriánGManuelAAndrésGSantiPabloGLuisSLuisEDanielHMarcosLMaríaLPabloLYoliAdriánMMartaMDiegoDavidMPabloMRobertoRolandoCrisPiliAndrésDaniClaudioDaniPLSergioCésarRamónRaúlPauloAnetaBertaPaulaSJoseAJoséSSoliñoAliciaAntíaMaríaVMiguelAOscarCristianAlberto

2

Fundación Menela

Proposta de Valor e Principios de Actuación

Órganos de Goberno

Actividade Institucional e Representatividade

Fundación Menela

Fundación Menela é unha entidade galega de iniciativa social sen ánimo de lucro que, desde 1989, xestiona servizos para a mellora da calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) e as súas familias. Clasificada como **Benéfico - Asistencial** e de **Interese Galego**, figura rexistrada como entidade prestadora de Servizos Sociais e recoñecida como entidade de Acción Voluntaria. Pertence como socio de número á CAE e FAG.

A **Rede de Centros e Servizos para o Autismo e a Dependencia** da Fundación Menela está constituída ademais polas entidades **Castro Navás SL**, empresa de inserción laboral para persoas con TEA que nace en 1998, e a **Fundación Tutelar "Camiño do Miño"**, organización fundada en 2006.

Proposta de Valor

Fundación Menela asume o compromiso de prestar servizos especializados e diferenciados de calidade baseados na mellora continua e nunha aposta pola innovación, có obxectivo de satisfacer as necesidades e benestar de usuarios e familias.

Misión

Contribuír á mellora da calidade de vida das persoas con TEA e defender a súa dignidade como cidadáns, dando resposta ás necesidades específicas de apoio ao longo de todo o seu ciclo vital.

Visión

Ser un referente na atención a persoas con TEA en Galicia, e ampliar o alcance dos seus servizos a outras formas de dependencia, sólidamente relacionados con outras entidades do sector no ámbito internacional.

Valores

O compromiso coa mellora continua, a transparencia, a confianza, honestidade e ética, o traballo de calidade, o respecto mutuo e a paixón polo saber, son os valores nos que cree e defende, representando o sinal de identidade da fundación.

Principios de Actuación

TRANSPARENCIA

Fundación Menela traballa para asegurar o bo funcionamento organizativo mediante un estrito control de xestión en toda a institución e para poñer a disposición dos grupos de interese información fiable, contrastada, sistematizada e actualizada da entidade, que sexa reflexo do resultado das nosas actuacións. Na páxina web da entidade (menela.gal), os interesados teñen acceso á documentación e información mais relevante respecto ás actividades e ao destino que damos aos fondos que recibimos.

ÉTICA

Na Fundación traballamos a prol do recoñecemento das persoas con TEA como suxeitos de dignidade có referente nos principios e obrigas establecidas na Convención dos Dereitos das Persoas con Discapacidade da ONU. Con ese fin, os profesionais da Rede Menela dispoñen dun **Código Ético** (2015) que establece as pautas que guían o comportamento ético dos seus membros na súa práctica diaria.

CALIDADE

Fundación Menela e Castro Navás S.L tiveron en 2021 a Auditoría de Renovación do Sistema de Xestión de Calidade e o Sistema de Xestión de Centros Residenciais, realizada por AENOR, baixo os requisitos da norma **UNE-EN ISO 9001:2015** do sistema de xestión de calidade e **UNE-EN ISO 158101:2015**, respectivamente.

A auditoria puxo en valor a xestión en soporte informático da información documentada, organizando a mesma en base a catálogos de procesos. Tamén destaca o amplio seguemento médico que a partir do 2021 se fai dos usuarios nas áreas de atención primaria, hospitalaria, odontoloxía e Unidade Saúde Mental, a través das diversas aplicacións utilizadas. A creación dun portal onde os empregados poden xestionar a súa información persoal tamén destaca como punto forte do sistema, así como o amplio contido e información dos Plan de Intervención Individuais relativos as persoas usuarias do SAI.

Para dar cumprimento aos seus obxectivos, Fundación Menela conta cós seguintes Centros:

Servizos Administrativos Centrais
Rúa Marqués de Alcedo, 19 I 36203 Vigo
Tel. 902 502 508
fundacion@menela.gal
Contacto:
José Manuel Varela Rodríguez, Director Xerente

Centro de Recursos Edificio CAMI
Rúa Laxe, 3 I 36202 Vigo
Tel. 986 222 023
edificiocami@menela.gal
Contacto:
Macarena Blanco Delgado, Coordinadora SAI
Mercedes López Francisco, Traballadora Social

Centro de Educación Especial Menela
Camiño da Veiguiña, 15 I 36212 Vigo
Tel. 986 240 703
ceemenela@menela.gal
Contacto:
Amparo Maquieira Prieto, Directora

Centro de Día e Residencial Castro Navás
Rúa Navás, 11 I 36391 Priegue - Nigrán
Tel. 986 365 558
castronavas@menela.gal
Contacto:
Pilar Pardo Cambra, Directora Centro Castro Navás
Sonia Álvarez Pérez, Responsable Residencia

Órganos de Goberno

CONSELLO DO PADROADO

O Consello do Padroado, máximo órgano de goberno, ten funcións de representación, disposición e xestión da entidade. Na súa composición figuran patróns fundadores, familiares de usuarios e outros profesionais relevantes, especialmente sensibles cós fins da Fundación Menela.

Composición do Consello do Padroado da Fundación Menela:

Presidente:	D. Pedro Fernández Puentes (membro fundador)
Vicepresidente:	D. Cipriano Luís Jiménez Casas (membro fundador)
Secretario:	D. Jose Manuel Varela Rodríguez (non patrono)
Vogais:	D. Jorge Sors Pérez
	D. Carlos Varela García
	Dª. María Isabel González Quiroga
	D. Miguel Ángel Vázquez Vázquez
	Dª. Julia Jiménez Fernández
	D. Marcos Fernández Álvarez-Santullano
	D. Luís Ángel Fernández Barrio
	D. Martín Jiménez Fernández

DIRECCIÓN EXECUTIVA

Director Xeral

A Dirección Xeral constitúe o órgano executivo da entidade. A súa misión é garantir o cumprimento das decisións adoptadas polo Consello do Padroado na operativa diaria de xestión contando, nesta tarefa, có apoio dos equipos executivo e de dirección.

O Director Xeral da Fundación Menela é **D. Cipriano Luís Jiménez Casas.**

Comité Executivo

Director Xeral:	D. Cipriano Luís Jiménez Casas
Director Xerente:	D. José Manuel Varela Rodríguez
Coordinadora Centros:	Dª Paula Estévez Salazar

ÓRGANOS DE ASESORAMENTO Á DIRECCIÓN

Equipo Técnico de Dirección

O Equipo Técnico de Dirección ten como misión asesorar e apoiar á Dirección Xeral no exercicio das súas funcións, participando no deseño de políticas de actuación que afectan ao conxunto da entidade, así como servir de canle de comunicación entre os diferentes centros e servizos da Fundación Menela.

Director Xeral:	D. Cipriano Luís Jiménez Casas
Director Xerente:	D. José Manuel Varela Rodríguez
Coordinación Centros:	Dª Paula Estévez Salazar
Área Psicosocial:	Dª Pilar Pardo Cambra
Área de Familias:	Dª Mercedes López Francisco
Área Diagnóstico e SAI:	Dª Macarena Blanco Delgado
Área Educativa:	Dª Mª Amparo Maquieira Prieto
Área Residencial:	Dª Sonia Álvarez Pérez
Área Económica:	Dª Ana Rodríguez González

ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO DO CENTRO MENELA

Consello Escolar

Directora

Dna. Amparo Maquieira Prieto

Representantes Titular:	Representantes Profesorado:	Representación Familias:
D. Cipriano Luís Jiménez Casas	Dna. Mª Antonia Paz Jiménez	Dna. Mónica López Camba
D. José Manuel Varela Rodríguez	Dna. Amanda Lago Cabaleiro	Dna. Adela Alonso González
Dna. Mercedes López Francisco	Dna. Susana Rodríguez Blanco	Dna. Tania Vázquez Orge

Actividade Institucional

Defendemos os dereitos das persoas con TEA e as súas familias xenerando alianzas coas entidades do Terceiro Sector de Acción Social, coa Administración Pública, representantes políticos e outras organizacións, e traballamos para lograr unha maior converxencia asociativa participando en grupos de traballo có resto de organizacións do movemento asociativo do Autismo, da discapacidade e do Terceiro Sector.

REUNIÓNS ÓRGANOS DE GOBERNO

En 2021 mantivéronse as reunións de **Comité Executivo** e de **Equipo Técnico de Dirección.** Neste periodo mantivéronse reunións semanais coa **Dirección do Centro Castro Navás.** O **Consello Escolar** e **Claustro de Profesores** de Menela mantiveron as reunións trimestrais establecidas. Todas estas realizáronse a través de vídeo conferencia. O 2 de xuño mantívose unha reunión coa **Xunta Directiva da Asociación de Familias de Castro Navás.**

PARTICIPACIÓN EN REDES DE TRABALLO

Confederación Autismo España

En 2021 Fundación Menela está representada nas Comisións da CAE a través de diferentes profesionais. Macarena Blanco participa na Comisión de Detecclón Precoz e Atención Temperá, Antía Fernández na Comisión de Emprego e, Bibiana Rodríguez, na Comisión de Educación.

Asistimos ás Asembleas Xerais Ordinaria e Extraordinaria da Confederación Autismo España. Aprobación de contas e Plan de Acción. Neste exercicio mantivemos contactos coa dirección técnica da CAE para solicitar apoio documental para o proxecto FP Dual.

Federación Autismo Galicia

O Director Xeral e o Director Xerente da Fundación Menela mantiveron, respectivamente, os cargos de membro do Comité Asesor e Tesoreiro da Xunta Directiva da Federación Autismo Galicia. Ambos participaron nas reunións de Xunta Directiva e Asambleas Xerais durante o exercicio.

En 2021 continuamos participando na HUB Comisión de Comunicación sendo as campañas do Día Mundial da Síndrome de Asperger, Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo e a Campaña ISTO É TEA, as principais accións desenvolvidas.

Consensuar a actuación respecto ao Concerto Social e Transporte foron temas de reunión có grupo de xerentes de Autismo Galicia ao longo do exercício.

Neste periodo participamos nas reunións de seguimento do proceso de revisión de estatutos da FAG.

REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL

En 2021 participamos en reunións de contacto coa Asociación Empresarial da Discapacidade de Galicia "IN-RED" para coñecer experiências na posta em marcha da FP DUAL, reunión con representantes da Asociación CEGASAL (Centros Especiais de Emprego) e participamos cunha ponencia na xornada "Do CAO ao CACI" do Movemento Cidadao Diferente, de Portugal

Concello de Vigo

No exercício mantivemos diversas reunións coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo para o financiamento do proxecto de Servizo Municipal de Atención Temperá, en colaboración coa Asociación APAMP. Síguense nesta área os encontros para a execución do proxecto de mellora da acessibilidade cognitiva do Concello de Vigo e os pavillóns de deportes de Bouzas, Berbés e pavillón central das Travesas.

Xunta de Galicia

Mantivemos diferentes encontros coa Consellería de Política Social para tratar o tema da conversión do actuáis contratos de prazas de Centros de Día e Residencia en modalidade de Concerto Social.

Asistimos a reunións coa Secretaria Xeral de Maiores e Discapacidade para tratar o tema do financiamento do servizo de transporte de Castro Navás.

Fundación Menela, xunto a 45 entidades socias de Galicia, reúnese co conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, para contribuír ao texto normativo que desenvolverá o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes en Galicia.

En 2021 procédese a sinatura do Convenio de Colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o financiamento do Servizo de Transporte no CEE Menela.

A finais de ano mantivemos una reunión telemática con Dirección Xeral de Xustiza na que participaron o director xeral, Juan Jose Martínez, e o subdirector xeral, Rafael Juanatey, para presentar o proxecto de mellora da accesibilidade cognitiva na Cidade da Xustiza de Vigo.

En xullo celebramos unha recepción ás entidades que participan no Padroado da Fundación Tutelar Sálvora, para presentar o proxecto de remodelación do piso da Avenida Atlántida.

En xullo asistimos ao acto de recepción nas Adelas "La Val" no marco do IV Proxecto Solidario das adegas.

3

Outras entidades da Rede Menela

Castro Navas S.L

Fundación Tutelar “Camiño do Miño”

Asociacións de Familias da Rede Menela

Castro Navás S.L

En 2021 a actividade de Castro Navás S.L estivo compasada coa capacidade de resposta do Centro Castro Navás ante as medidas preventivas necesarias e as decisións que, en materia sanitaria, foron acordadas polas autoridades competentes.
Ao longo do ano a actividade laboral comezou a reactivarse de forma gradual pero os constantes confinamentos condicionaron o normal desempeño da mesma nas distintas áreas produtivas. En ocasións foi preciso paralizar a actividade laboral a excepción, por considerarse esencial, a acometida na lavandería.

Neste exercicio a Lavandería Industrial limita a súa actividade ao Centro Residencial Castro Navás. Neste periodo mantén a certificación baixo a norma de calidade ISO 9001:2015 outorgada por AENOR.
Mantense a actividade nos obradoiros de Conservas e Marmeladas (Nº de Rexistro Sanitario: 21.17437/PO), área agropecuaria e de elaboración de produtos de agasallo, arredor da aprendizase de competencias sociolaborais, limitándose durante o exercicio as relación comerciais con clientes externos.
Un ano mais continua a colaboración coa empresa **Embalajes Armando SLU**, para desenvolver o proxecto formativo e de emprego con apoio centrado na elaboración de tapas para as caixas de mariscos e moluscos.

O **Servizo de Fisioterapia** (Nº de Rexistro Sanitario C-36-000627) colaborou de forma directa na fase de preparación física das persoas con TEA que participaron no proxecto Xacobeo Autismo. Un Camiño de Todos.

Fundación Tutelar "Camiño do Miño"

A Fundación Tutelar nace por un acordo do Padroado da Fundación Menela do 25 de novembro de 2006 coa misión de "Proporcionar protección e garantía efectiva dos dereitos dos seus tutelados para acadar a súa integración plena na sociedade e a súa óptima calidade de vida, promovendo a pluralidade e o respecto á diferenza". Con domicilio social na rúa Xoanelo, 2 baixo (Vigo), está clasificada como Fundación de Interese Social e declarada de Interese Galego.

Durante o ano 2021 a Fundación Tutelar estivo centrada na xestión dos intereses do seu tutelado, así como a atención das consultas que lle foron plantexadas por distintas familias de persoas usuarias da Rede Menela.

Por outra banda, a entrada en vigor da lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, que implica o recoñecemento da súa igualdade ante a lei, así como a garantía de apoios para tomar decisións sobre as súas propias vidas e exercer os seus dereitos en igualdade de condicións que o resto da cidadania, impón cambios importantes que son necesarios acometer.

Có apoio do **Programa de Apoio a persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica** financiado polo IRPF, e **Programa de Asesoramento Social e Xurídico a persoas con TEA e Familias** de Autismo Galicia, Fundación Tutelar e Fundación Menela iniciaron as accións de formación e asesoramento sobre cuestións prácticas e implicacións xurídicas.

A 31 de decembro de 2021 o **Consello do seu Padroado** está composto por:

Presidenta: Dª Isabel González Quiroga

Secretario: D. Cipriano Luís Jiménez Casas

Vogais: D. José Manuel Varela Rodríguez

D. Luís Angel Fernández Barrio

camiño do miño
Fundación Tutelar

Asociacións de Familias

As asociacións de familias do Centro Menela e Castro Navás participan na vida dos centros colaborando na financiación de actividades sociais, inclusivas, deportivas, actividades culturáis e educativas que se realizan na contorna comunitaria de Vigo e a súa área metropolitana.

Có mesmo compromiso e dedicación apoian as actividades que organiza a Fundación Menela para visibilizar o labor da entidade, e defender os dereitos das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo e as súas familias.

Os **Equipos de Dirección** das asociacións de familias do CEE Menela e Centro Castro Navás, a 31 de decembro de 2021, están formados por:

ANPA Centro Menela:

Presidenta:	Dna. Mónica López
Vpdta:	Dna. Bárbara M. Vázquez
Secretaria:	Dna. Tania Vázquez
Tesoureira:	Dna. Mª Paz Alonso
Vogal:	Dna. Virgen Pérez

Asociación Familias Castro Navás:

Presidente:	D. Eloy Alonso
Secretaria:	Dna. Esperanza Martínez
Tesoureira:	Dna. Josefa Gómez
Vogais:	D. Benito González
	Dna. Victoria Cueto
	Dna. Mª Carmen Pereira
	D. Luís Santiago González

En decembro de 2021 prodúcese a baixa, por falecemento, de D. Benito González, vogal da Asociación de Familias do Centro Castro Navás.

4

Servizos da Rede Menela

Valoración, Diagnóstico e Orientación

Atención Temperá e Apoio Integral

Educación

Atención a Adultos

Valoración, Diagnóstico e Orientación

Especializado na valoración, diagnóstico e orientación de persoas con TEA, este servizo realiza valoracións e diagnósticos mediante a aplicación de probas específicas seguindo as Boas Prácticas recoñecidas sobre diagnóstico e detección do Autismo (Grupo GETEA. Instituto de Salud Carlos III).

O Servizo de Valoración e Diagnóstico atende a toda persoa que manifeste síntomas ou sospeitas de TEA (sinais de alerta, programa de cribado con resultado positivo, grupo de risco), realizando revisións e seguimento de casos derivados do sistema sanitario, sistema educativo, servizos socias ou das propias familias. Tralo diagnóstico facilítase un axeitado asesoramento de servizos de intervención ou apoio en función das necesidades individuais e/ou familiares.



O Servizo de Valoración e Diagnóstico está composto por unha psicóloga sanitaria con amplia experiencia e acreditación oficial para aplicar probas de *screening* e diagnósticas.

O Servizo de Diagnóstico figura desde o ano 2014 inscrito no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios có número C-36-002255.

Durante o ano 2021 o Servizo de Diagnóstico da Fundación Menela emitiu **23 valoracións diagnósticas**. Das valoracións realizadas, a 17 persoas se lles aplica o diagnóstico de Trastorno do Espectro do Autismo seguindo os criterios diagnósticos establecidos no DSM-5 para o TEA. A distribución por xénero e por idade recóllese no seguinte gráfico, observándose una máis alta incidencia en idades temperás, menores de 6 anos.

XÉNERO/IDADES DAS PERSOAS DIAGNOSTICADAS



NIVEIS DA GRAVIDADE DO TEA SEGUNDO DIAGNÓSTICO



Especificadores de gravidade nas áreas do desenvolvemento alteradas no TEA segundo criterios DSM-5: comunicación social e comportamentos restrinxidos e repetitivos, determinadas nas valoracións diagnósticas. Un 82,35% situase no Grao 1, 11,76% en Grao 2 e un 5,88% en Grao 3..

O Servizo de Diagnóstico recibe derivacións de diferentes ámbitos:



Os casos atendidos no Servizo de Diagnóstico veñen derivados por recomendacións do Servizo e a través da páxina web (40%), seguido do servizo sanitario, pediatras e neurólogos (37,03%), familias (14,81%) e recursos educativos (7,40%).

Atención Temperá e Apoio Integral

O Servizo de Atención Temperá e Apoio Integral diríxese a nenos e nenas de 0 a 6 anos (Atención Temperá) e de 6 en diante (Apoio Integral), as súas familias e a súa contorna, có obxectivo de dar resposta ás necesidades transitorias e permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou que están en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

Fundación Menela ten dados de alta, dentro dos Servicios de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia, no RUEPS: Servizo de Atención Temperá (de 0 a 6 anos), Atención Psicomotriz (a partir de 6 anos), Estimulación Cognitiva e Sensorial (a partir de 6 anos) e o Servizo de Logopedia (a partir de 6 anos).

Entre os meses de xullo e setembro de 2021, o CAMI tivo que afrontar profundos cambios debido a baixa de tres terapeutas, o que supón a renovación de máis do 40% do persoal. A desvinculación realizouse de forma planificada e personalizada, o que permitiu evitar un impacto negativo na prestación do servizo.

Entre os meses de setembro e outubro incorpóranse catro novos terapeutas e, a 31 de decembro de 2021, o SAI está composto por un **equipo interdisciplinario formado por 6 psicólogas sanitarias, 2 psicopedagogas e 1 logopeda**; todos eles con experiencia na atención e tratamento do TEA.

Durante 2021 os profesionais continuaron formando sobre o TEA e formándose para ofrecer a mellor atención posible e avanzar no coñecemento, causas e estratexias de intervención, manténdose as reunións semanais do SAI con distinta temática: organización do servizo e actualización de protocolos, posta en común de casos clínicos, discusión de temáticas de interese e outros temas segundo necesidade.

En 2021 amplíanse os espazos no Edificio CAMI con dos novos despachos para sesións terapéuticas, e habilítase Xoanelo como espazo de atención a familias e sala de reunións.

Recupéranse as sesións presenciais e sesións grupais no SAI. Son meses de desescalada, nos que convive a ilusión por recuperar a normalidade e o desafío antes novos confinamentos. O inicio da actividade veu acompañado por un proceso de adaptación dos postos de traballo para cumprir os protocolos establecidos e material visual de apoio para explicar as medidas de prevención, as novas rutinas e a nova xestión das relacións interpersoais. O proceso de reflexión foi clave e fixo repensar os obxectivos dos Plans de Intervención Individualizados, dado o retroceso significativo observado en diferentes áreas do desenvolvemento en moitas das persoas usuarias que acoden ao servizo.

DISTRIBUCIÓN IDADE/XÉNERO USUARIOS SAI



Datos a 31 de decembro de 2021. **156 persoas con TEA recibiron atención e tratamento no SAI**. A demanda do servizo crece progresivamente ao longo do ano, producíndose **48 novas altas** (33 homes e 15 mulleres) e **20 baixas**. En 2021 produciuse unha alta terapéutica.



INDICADORES DE ACTIVIDADE



En relación a actividade global, realizáronse un total de **6.883,5 intervencións no servizo**. 5758,5 son sesións individuais, 486,5 sesións grupais e 76 sesións conxuntas.

A **coordinación do SAI cos centros educativas e familias** para a aplicación do plan de intervención constitúe un elemento clave para o correcto desenvolvemento do servizo.

O exceso no tempo de exposición a pantallas durante a pandemia trouxo consigo moitos problemas asociados ao exceso de uso de videoxogos. Problemas atencionais, de xestión de estudio, de autonomía e incluso problemas de conduta ante a limitación de horas de xogo que supuxo voltar a normalidade. Sinalar que, en moitas dos rapaces e rapazas que acoden ao SAI os videoxogos son o centro de interese principal, rozando en moitos casos a obsesión ou adición.

O illamento social, a non celebración de cumpreanos, non poder gozar có xogo nos parques, non participar en actividades extraescolares, conlevaron a perda ao hábito dunha exposición social continuada e aumentaron as dificultades por ansiedade social, falta de habilidades e resolución de situacións socias, habilidades xa adquiridas en moitos nenos e nenas.

PROCEDENCIA USUARIOS SAI



As persoas usuarias do SAI veñen derivadas de diferentes ámbitos, principalmente, dos servizos sanitarios (39,74%).

O Servizo de Psicoloxía en Centro Atención Temperá figura desde o ano 2014 inscrito no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios có número C-36-002255, e coma servizo forma parte da Asociación Galega de Atención Temperá.

MULLERES E TEA

En 2021 crease o grupo de mulleres con TEA, un espazo de relación, intercambio e apoio onde compartir a experiencia vital como muller con Autismo; vivenzas positivas e dificultades en diferentes ámbitos como son a escola, o traballo, a relación de parella e a maternidade. Liderado por Macarena Blanco, está integrado por cinco mulleres con TEA de edades comprendidas entre os 22 e 50 anos que se atopan en diferentes momentos vitais. O grupo reúnese cunha frecuencia quincenal e, nestes momentos, se atopa traballando na redacción dunha guía de sexualidade para nenas con TEA.

Yasmin Caroline



Có obxectivo de formentar a participación de mulleres con TEA na comunidade, o equipo de profesionais vinculados ao proxecto promoveu as seguintes actuacións: participación como poñentes no webinario "O camiño para a detección do Autismo na muller. Experiencias profesionais e testemuños" organizado pola Federación Autismo Galicia, campaña ISTO É TEA da FAG, participación no video elaborado polo CERMI con motivo do Día Internacional das Persoas con Discapacidade, e a colaboración do grupo de mulleres na elaboración de materiais de divulgación da especificidade do TEA en mulleres.

Esta área de traballo estivo respaldada polo Proxecto de prevención, identificación, diagnóstico precoz da discapacidade e da atención temperá, con cargo ao programa do IRPF.

Un ano máis, dentro do programa do IRPF, levamos a cabo o proxecto Ludotea que comezou en febreiro e rematou en novembro. Durante este tempo, unha pedagoga e unha auxiliar técnico educativo trataron de crear un espazo de lecer para os nenos con TEA onde se favoreceu a interrelación cos seus irmáns e á súa vez entre todos eles, creando novas redes sociais e de apoio ás familias. Támén se adestraron e melloraron as súas habilidades sociais, tratando de mellorar a súa calidade de vida e a dos seus familiares.

ACTIVIDADES DE PROXECCIÓN SOCIAL

En 2021 retómase as actividades de proxección social. Un total de 72 usuarios do SAI participaron en diferentes actividades. Entre as mais destacadas cabe sinalar a participación na elaboración do Graffiti da Casa de Alcabre, as tardes de escalada no Rocódromo MG12, e adentrámonos tamén no mundo da posprodución audiovisual da man de Cinema Iberolusa, onde puimos aprender o proceso de doblaxe e a realización da doblaxe dunha serie animada.



Non esquecer o Samaín, o percorrido pola cidade de Vigo no tren do Nadal, e a colaboración coa ONG "A las 5" na que preparamos o almorzo para os días 24 e 31 de decembro.

FORMACIÓN PARA O EMPREGO

En 2021 Fundación Menela continúa tecendo lazos de colaboración con empresas responsables que xeneran oportunidades formativas e laborais reais para persoas con TEA, e que permiten a xeneralización de aprendizaxes vinculados a orientación vocacional e formación en habilidades sociolaborais.

Comezamos o ano coa formación no posto de traballo no Servizo Repsol Praza de España, Gasolineira Shell Avenida de Madrid e a tenda de videoxogos Replay Games, ao amparo do programa para o Reforzo da Empregabilidade de Persoas Novas con Discapacidade "Uno a uno" – POEJ 2020 da Fundación ONCE, cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Continuamos coa colaboración coas empresas Rinoceronte Editora S.L.U e P&C Asesoramiento y Gestión, nas que se realizaron prácticas de edición de maquetación e xestor administrativo.

Finalizamos o ano coa planificación de dous proxectos formativos **Deseño e Maquetación para Servicios Editoriais** e **Auxiliar de Cociña Rápida,** operacións subvencionadas no marco das convocatorias de Reforzo da Empregabilidade de Persoas con Discapacidade "Uno a Uno"´ 2021-2022, no marco dos programas **POEJ** e **POISES** 2014-2020 da Fundación ONCE, respectivamente, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo. Participarán un total de 11 persoas usuarias do SAI, 5 na formación de Deseño e Maquetación para Servizos Editorias e 6 na área de Auxiliar de Cociña Rápida.

Fundación ONCE | Uno a Uno

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
El FSE invierte en tu futuro

CLUBE XADREZ MENELA

O xogo de estratexia que ten o seu espazo no Edificio CAMI retoma a súa actividade en 2021. Recuperamos os entrenamentos semanais dirixidos por Samuel Villar e os nervios previos aos campionatos. Sinalar a participación de Jaime Pérez Novoa e Santiago Brito González no XII Aberto Internacional de Xadrez Carlos I en Sanxenxo e, como xa é tradición, con motivo do DMCA o Clube Xadrez Menela convidou ao Clube Xadrez Mos a disfrutar dun pequeno torneo nas instalacións do Edificio CAMI, resultando unha xornada estupenda para ambos clubes.

menela
xadrez

Educación

O Centro de Educación Especial Menela (CEE Menela) escolariza a alumnos e alumnas en idade escolar de 3 ata 21 anos, con diagnóstico de Trastorno do Espectro do Autismo e discapacidade intelectual asociada. No curso 2020/2021 a Consellería acordou **prolongar a escolarización do alumnado de 21 anos en Centros de Educación Especial** como medida excepcional para paliar os efectos da crise da COVID-19 e a ausencia da actividade lectiva presencial (marzo-xuño 2020). No CEE Menela, esta medida aplicouse a 2 alumnos.

Concertado coa **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades** da Xunta de Galicia desde o curso 1986/1987, a súa acción educativa baséase na *comprensión da persoa con autismo* e facilitar *apoios específicos* que axudan ao noso alumnado a dar sentido ao mundo e a súa vida, a través dunha metodoloxía baseada nos *SAAC*, *habilidades adaptativas*, *estrutura ambiental* (física-temporal), programas de desenvolvemento de *habilidades mentalistas* e *comprensión de emocións*.

No curso 2020/2021 matricúlanse 11 novos alumnos e alumnas e no curso 2021/22, 8. Neste periodo prodúcense tres baixas. O temor ao contaxio da COVID-19, a conciliación familiar e un cuadro psiquiátrico de díficil manexo foron as causas que as motivaron. A 31 de decembro de 2021 son un total de **41 alumnos matriculados**.





IDADE ALUMNADO MENELA

A volta ao curso no mes de setembro veu acompañada polo Plan de adaptación a situación COVID-19 que foi elaborado para dar resposta ás demandas do "Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o presente curso" da Consellería de Educación de Galicia. Atender a resposta a estímulos sensoriais descoñecidos có uso máscaras e xeles, novas ubicacións físicas nas aulas e comedor, o tránsito pola escola e a aprendizaxe de novas estratexias de saúdo e relación cos compañeiros e profesorado, foron elementos a integrar no currículo do alumnado.

Comezamos coas ganas de continuar camiñando cara a "nova normalidade", recuperar a relación e o vínculo afectivo có alumnado, rutinas habituais, o acompañamento ás familias, facilitando unha contorna amigable e segura nunha organización ríxida respecto aos grupos estables de convivencia e contatos sociais. Neste curso cabe destacar o traballo do equipo multidisciplinar para repensar e implantar novas estratexias de intervención có alumnado con TEA nun mundo social cambiante, así como a abordaxe dos efectos xenerados polas diferentes formas de percibir e vivir o confinamento, e os períodos de illamento ao longo do ano.

ESCOLARIZACIÓN CEE MENELA E COMBINADA



Centros Escolarización Combinada:

Colexio Internacional Marcote de Vigo

CEIP Escultor Acuña de Vigo

CEIP Da Cruz de Nigrán

Neste curso mantivéronse as actividades que definen ao CEE Menela, todas elas enmarcadas no concepto “aprendizaxe por contonas significativas”, vinculadas a un espazo vital e social, procurando promover experiencias que permitan unha maior autonomia do alumnado en todos os ambitos da vida diaria. Ás actividades de aula súmanse as que se realizan na contorna de comedor como son o aperitivo e xantar, o obradoiro doméstico e de cociña, e o taller de xardinería que se enriquece coas atividades no invernadoiro e xardín. As astividades de secretaría, fotocopiado e plastificado, de reciclado de plásticos, latas papel e cartón, así como os recados e compras no hipermercado, continúan ocupando un papel importante na dinámica diaria.

Os alumnos con Autismo nos sitúan, ano tras ano, ante o compromiso como docentes de guiar o seu desenvolvemento cara unha vida plena. No CEE Menela, o currículo afástase das áreas educativas tradicionais para incidir no desenvolvemento das *10 habilidades adaptativas* que inflúen de forma relevante na calidade de vida da persoa: habilidades de comunicación, autodirección, relación persoal, saúde e seguridade, coidado persoal, lecer, vida no fogar, uso da comunidade, traballo académico e habilidades funcionais.

O Autismo é unha condición que acompaña a persoa as 24 horas do día polo que, adquire un peso relevante o traballo cara a comprensión do transtorno por parte da família, así como capacitalos para para estender a metodoloxía empregada ao lugar no que viven.

No mes de maio aplicase, como cada dous anos, o ICAP (Inventario para a planificación de servizos e a programación individual), instrumento que permite obter resultados sobre idades de independencia xeral e niveis de coidado persoal e de supervisión que requiren o alumnado.

O resultado do ICAP indica que as idades de independencia xeral ou funcionamento obtidas neste curso 2020/21 van dende 1 ano 10 meses, aos 9 anos e 3 meses.



Iago Fernández mantén o seu **contrato de traballo coa empresa Ausolán RCN SLU** durante o curso escolar 2020/2021. Unha contorna de traballo accesible, dotado dun sistema de apoios especializados e individualizados que permiten o desempeño laboral como auxiliar na cociña do Colexio Menela.

PROXECTOS DESTACADOS

O CEE Menela participou nunha nova edición do **Programa Medioambiental Voz Natura** financiado pola Voz de Galicia e a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre.

No colexio valórase a educación ecolóxica e a proteción do medio ambiente, utilizando materiais de desfeito das aulas e cociña para facer produtos que adornan o centro nas diversas conmemoracións durante o ano. Como cursos anteriores, enfocouse cara a reciclaxe de papel e cartón. O alumnado fixo bolsas para Samaín, colgantes de castañas para o magosto, adornos de Nadal, calendario de advento, caretas de entroido, etc.

Todas estas mostras compartíronse coas familias e déronse a coñecer a través das redes sociais da Fundación.

Neste curso tamén traballaron a **horta ecolóxica** nun novo espazo que é a Casa Alcabre; unha casa con finca situada a 200 metros do colexio que favoreceu dispor doutros espazos para traballar, favorecendo o aumento de cultivos que ata agora se realizaban no invernadoiro do colexio. É unha actividade motivadora na que desfrutan tódolos alumnos.

Un grupo de cinco alumnos asumiu con entusiasmo o reto de realizar a etiqueta do viño **La Val Solidario 2020**, unha iniciativa das Adegas La Val (IV Proxecto Solidario Adegas LA VAL). Con ilusión e colorido debuxaron varias etiquetas posibles para as botellas sendo, o traballo de Andrés da Silva o elixido; cos seus estupendos dotes artísticos, plasmou moi ben o proceso da vendima. En todo momento tratouse de introducir ao alumnado na realidade do que é unha adega a través de videos, documentáis e mesmo elaboraron un librillo gráfico coa secuencia de todo o proceso. En xuño tivemos a oportunidade de facer **enoturismo, visitar as adelas La Val e coñecer mais de preto a cultura do viño**.

A colaboración permitiu dotar de equipamento ao "Clube Deportivo Menela", que recibiu o importe íntegro da venda da Edición Limitada de 200 botellas deste Albariño.

O clube deportivo conta coas sección de atletismo, natación e xadrez, a través das cales, os mozos e mozas de Menela participan en diferentes competicións federadas, aínda que este ano, debido á pandemia, non se puido participar en ningunha competición deportiva.

Participamos no **programa Enriquecemento Curricular Proxecto Semgal I**, cuxo propósito principal é a mellora da calidade educativa baseada na inclusión e na atención á diversidade. Este ano o traballo foi titorizado polo formador Pablo Álvarez, da Consellería de Educación. As sesións de docencia, nas que estivo implicado todo o claustro, foron eminentemente prácticas e estiveron encamiñadas a deseñar as tarefas que integran o currículo no modelo SEM.

O proxecto práctico estivo centrado na elaboración dun **mural grafitero na Casa de Alcabre** no que participou todo o alumnado, auxiliares técnicos educativos e alumnado en prácticas.

As paredes que configuran a finca da Casa de Alcabre, alugada pola Fundación Menela á Fundación Tutelar "Sálvora", recolle en **7 paneis** os **7 cambios mais importantes na historia do Autismo** dos que falan as autoras Francesca Happé & Uta Frith, no seu artigo publicado na revista Maremagnum, nº 24 (2020): "Revisión anual da investigación: mirando cara atrás – cambios no concepto de autismo e implicacións para futuras investigacións", e os **periodos administrativos polos que pasou o Colexio Menela desde 1976 ata 2020**.

A inauguración do mesmo coincidiu có remate do curso 2020-2021.

ACTIVIDADES PROXECCIÓN SOCIAL

Durante o curso non houbo saídas de proxección social debido á pandemia COVID-19, salvo no mes de xuño, que retomamos as ofertadas polo programa Vigo Educa do Concello de Vigo, que permitiron poder visitar Aproinppa (fábrica de pan), facer a ruta de sendeirismo da área arqueolóxica Mámoas de Candeán, ao parque Forestal de Beade, ao Roteiro de Saiáns e visita ao Decathlon de Vigo.

Este ano AFundación non programou as actividades de teatro e música no auditorio, como en cursos anteriores no auditorio, pero ofertou unha única visita musical no propio colexio, un programa presencial de concertos chamado "Musica a flor de pel": música tradicional galega co músico Carlos Quintá.

Sinalar tamén a celebración de festas tradicionais (Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Pascua...), aniversarios, o DMCA, DIPD e Día do Voluntariado.

En xuño celebramos a semana final de curso DiverTea, na que fixemos actividades propiciadas e pensadas polas auxiliares técnicas educativas do colexio para promocionar a actividade física e cooperativa dos alumnos organizando as chamadas "Olimpiadas DiverTea" con diferentes exercicios: puntaría, cole a través, pesca canto poidas, recollida de follas... Todos realizados no xardín do colexio.

#DiverTEA

Tódalas actividades de proxección social, excursións e actos conmemorativos constitúen para o equipo de CEE Menela a mellor forma de que sexan coñecidos na súa contorna, cidade, rúas, establecementos..., de que os seus alumnos compartan espazos e actividades con outros escolares; son lugares de desenvolvemento de aprendizaxes funcionais en ambientes normalizados e sempre resultan moi motivantes e de interese para o seu alumnado.

En xuño o alumado do colexio participou dunha entretida xornada de surf e limpeza de praias organizada por We Sustainability. Coa colaboración de La Conservera del Surf e La Tita Rivera Vigo, contribuíron á limpeza da Praia de Alcabre (Vigo) có obxectivo de concienciar sobre a sosteñibilidade e medio ambiente, e para rematar recibiron clases de surf e un delicioso picnic.

Atención a Adultos

O Centro de Día e Residencial Castro Navás é un servizo específico de apoio, configurado como dispositivo de atención integral, preventiva e habilitadora, destinado ao aloxamento temporal e permanente de persoas maiores de 16 anos con discapacidade intelectual, especialmente con TEA, con necesidades de apoio extenso e xeneralizado e/ou en situación de dependencia.

Nado en 1993, ao longo destes anos consolídase unha estrutura organizativa baixo o lema "a única inclusión posible non pode ser outra que a través do traballo", onde as actividades terapéuticas se articulan arredor das áreas agropecuaria, conservas e marmeladas, elaboración de produtos de agasallo e lavandería, que se complementan coas vinculadas á creación e expresión artística, promoción da saúde e atención sociosanitaria, tempo e espazos de lecer.

Un equipo interdisciplinar traballa seguindo o Plan de Atención Individualizado. O marco de actuación no proceso de atención e intervención fundaméntase en procesos de planificación centrada na persoa e na definición do centro como lugar de vida e lugar de traballo, onde cada persoa desenvolve o seu proxecto vital.

Castro Navás, cun **Contrato de Xestión de Servizo Público coa Consellería de Política Social** da Xunta de Galicia, conta con 60 prazas autorizadas en Centro de Día e 99 prazas, mais dúas prazas de enfermería, en Residencia. Ao peche do exercicio 2021 a ocupación é de **69 prazas**, **14 de Centro de Día e 55 en Residencia**. Destas, 51 están dentro do Contrato coa Xunta de Galicia, e 4 son prazas privadas.

En 2021 incorpóranse dous novos usuarios con praza de atención residencial. O seguimento do proceso de adaptación de ambos concluiu coa incorporación definitiva ao Centro.

Neste periodo non se produciu ninguna baixa nos servizos.



O ano 2021 continúa marcado pola crise provocada pola COVID-19. A pesar desta situación tan complicada, de ruptura da rutina e dinámicas diarias, os profesionais do Centro Castro Navás esforzáronse ao máximo por seguir prestando os apoios necesarios en cada momento ás persoas con TEA e as súas familias.

O escenario mudou coa vacinación masiva fronte ao SARS-CoV de persoas usuarias dos servizos de Centro de Día e servizo Residencial, e traballadores do Centro Castro Navás; **a primeira dose da vacina Comirnaty,** producida polo laboratorio Pfizer e BioNTech, **era administrada o 5 de xaneiro de 2021 nas instalacións de Castro Navás** baixo fortes medidas de seguridade. Neste momento, e ata finalizar o proceso de vacinación fronte a COVID-19, o 26 de xaneiro, o Centro adopta a decisión de restrinxir as saídas a domicilio e as visitas das familias no propio centro. A terceira dose de reforzo adminístrase o 29 de novembro de 2021 pero, nesta ocasión, os rapaces e rapazas de Centro de Día quedan excluidos, tendo que esperar ata xaneiro e febreiro de 2022.

A vacina e as medidas de cribado tanto de usuarios como traballadores trouxo consigo un aire de optimismo e sensación de seguridade e control. Así tamén permitu "compartir" ao equipo de profesionais en ambos servizos que, ata o momento, permanecían separados. Aínda así, na organización do centro primou o criterio de minimizar riscos e o coidado da saúde, decidíndose manter os grupos burbulla e minimizar o impacto na relación coas persoas de referencia, cos seus compañeiros e obradoiros de traballo.

No transcurso do ano, a situación epidemiolóxica e as recomendacións da Consellería de Política Social e Sanidade, marcaron a flexibilización das medidas adoptadas. Sen dúbida **un longo periodo no que convivimos coa ilusión de camiñar hacia a tan desexada normalidade, có desafío emocional e físico de novos confinamentos.**

Outro aspecto que marcou este ano foron as negociacións có Comité de Empresa de Castro Navás que remataron, o 20 de outubro de 2021, coa sinatura **do Acordo das condicións laboráis do persoal coidador de Residencia con Fin de Semana do Centro Castro Navás** relativas ao calendario laboral e distribución de xornada do citado persoal.

PROMOCIÓN DA SAÚDE E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA

En 2021 o coidado da saúde e o benestar físico e emocional ocupa un lugar estratéxico. Sinalar o traballo realizado desde a área de enfermería respecto ao control e seguimento do estado de saúde das persoas usuarias, así como dos profesionais, vixianza activa de sintomas, realización de PCR e test de dobre banda previa formación no HAC, implantación e seguimento de medidas de prevención e seguridade contra a COVID-19, e control documental. Poñer manifesto os avances que se deron neste ano na xestión sanitaria dos residentes, xa que a través da implantación da plataforma IANUS o equipo de enfermería pode traballar en rede cos profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

Servizos Sanitarios e Visitas realizadas en 2021:

Con respecto ao ano pasado, destaca unha diminución do 32% das citas presenciais de Atención Primaria cun aumento do 63% das telefónicas. Sinalar o incremento dun 39% das citas de Atención Especializada, dun 35% das Urxencias Hospitalarias, dun 62% as citas de Odontoloxía e dun 37% as consultas telefónicas á USM.



Neste periodo continúa a formación dos profesionais de atención directa respecto as medidas de prevención a seguir, mantense a estreita relación coa Área Sanitaria de Vigo para a consulta e resolución de dúbidas, unha comunicación fluida coa Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria de Política Social, e a psiquiatra de referencia do Servizo Galego de Saúde.

ENVELLECEMENTO ACTIVO DE PERSOAS CON TEA

O envellecemento activo hoxe, é un reto e un desafío para o Centro Castro Navás. 19 homes e 7 mulleres, teñen unha idade superior aos 40 anos, representando o 38,80% da nosa poboación. Se incluímos nestes datos aos usuarios de 39 anos, a porcentaxe elévase a un 46,2%. O grupo de idades comprendidas entre os 40 e 50 anos é o máis numeroso, e a persoa máis maior ten actualmente 65 anos. A observación permanente da saúde e atención aos sinais de alerta físicas, cognitivas e emocionais, a promoción de habilidades de autocuidado, actividades dirixidas a previr o deterioro cognitivo e abordar momentos vitais propios da etapa adulta como son a situación de dó ante a pérdida de familiares ou persoas de referencia, son obxecto de de traballo.

A última experiencia posta en marcha no centro é "O FALADOIRO", un espazo e momento diario arredor dunha tertulia sobre temas de actualidade e un café, no que tamén participan outros compañeiros e compañeiras. como lles gusta a eles.

Dentro do plan de potenciar a actividade física participamos en diferentes actividades que nos transmiten novas sensacións, saídas en bicicleta con DisCamino e surf na praia de Patos coa escola Quenlla Surf Clube. En 2021 retomamos a segunda edición do proxecto Xacobeo Autismo. Un Camiño de Todos e, non podemos esquecer o entorno que rodea a Castro Navás que permite gozar de longas camiñatas, descansar, observar a natureza. Momentos de confinamento ao longo do ano interromperon a continuidade das mesmas.

XUNTA DE GALICIA

Os programas **"Envellecemento saudable para persoas con TEA gravemente afectadas"** no marco da convocatoria IRPF e **"Deterioro cognitivo en persoas adultas con TEA"** da Federación Autismo Galicia apoian o desenvolvemento destas actividades.

Nesta área, como entidade, seguimos traballando para mellorar a **accesibilidade cognitiva** da contona sanitaria e formando aos profesionais dos centros de saúde.

.

OBRADOIROS TERAPÉUTICOS

A actividade desenvolta nos obradoiros terapéuticos tradicionais, sumámoslle o labor en obradoiros de nova creación como son a **minihorta**, no que traballan persoas con maiores necesidades de apoio e dificultades de mobilidade, e unha **zona de cultivo de amorodos e prantas aromáticas**. O obradoiro de **habilidades domésticas** abrangue, cunha periocidade diaria, a arrumación de cuartos, limpeza de cristais e recollida e clasificación do lixo xenerado na vida do centro.

Neste exercicio mantemos un equilíbrio nos recursos destinados a facilitar ás persoas adultas con TEA o acceso a unha **educación permanente e a unha variedade de experiencias formativas e laborais**, que lles permitan afrontar a vida adulta con maior autonomía e independencia.

A continuación recóllense os **proxectos formativos mais salientables en 2021**:

Os resultados positivos acadados nos últimos anos constitúen o impulso da cuarta edición do proxecto **Sumando Capacidades,** no que participaron 8 persoas que, durante 6 meses, traballaron a aprendizaxe de competencias para desenvolver as tarefas na lavandería segundo o estándares de calidade e medioambiente.

No marco das convocatorias de **Fundación ONCE** para a execución de operacións dirixidas ao reforzo da empregabilidade de persoas con discapacidade "Uno a Uno" 2021-2022 no marco do POEJ 2014-2020 cofinanciado polo FSE, desenvolvéronse as seguintes accións:

Impulsa tu Talento. Programa de Reforzo da Empregabilidade para personas con TEA. 6 personas participaron nesta nova edición do programa formativo que impactou no desenvolvemento das competencias persoais e coñecementos específicos para o desempeño dunha actividade profesional como é a de **auxiliar de cociña e hostalaría.** 267 horas, 202 de formación teórica e 165 de formación no posto de traballo na empresa AUSOLAN RCN SLU, executáronse entre o 1 de setembre e o 10 de decembro de 2021.

CapacitaTEA. Programa de Formación en Habilidades Sociolaborais para persoas con TEA, está centrado na formación en **"Operacións básicas de pisos en aloxamentos".** O programa iniciouse o 2 de novembro e remata o 5 de abril de 2022. Participan un total de 4 persoas con TEA adicándolle un total de 360 horas, 270 na intervención grupal e 90 á individual.

Nos últimos anos, Fundación Menela e a Asociación Nuevo Horizonte (Madrid) desenvolven diferentes programas promovidos polo Centro Español do Autismo, que poñen especial énfase na rehabilitación de funcións executivas vinculadas á vida diaria, estimulación cognitiva coa activación e enriquecemento da atención e memoria, mellora da competencia social e emocional, e fomento do emprego con apoio a través dun programa de realidade virtual. A última edición estivo centrada no traballo de aspectos relacionados coa COVID a través de Historias Sociais Participaron 18 persoas adultas do Centro Castro Navás, 13 homes e 5 mulleres.

CENTRO ESPAÑOL DEL AUTISMO

DiBAS-R; DASH-II; Escala de Benestar das Personas con Autismo; DEX; Escala de TINETTI para o equilibrio e marcha, COVID-19 Peritraumatic Distress Index e Coronavirus Anxiety Sacale, son as escalas aplicadas a cada un dos participantes (PRE e POST)

5

Outros Servizos da Rede Menela

Atención Psicosocial e Apoio Familiar

Xestión do Coñecemento

Formación e Desenvolvemento

Acción Voluntaria

Atención Psicosocial e Apoio Familiar

O exercicio 2021 estivo marcado pola COVID-19, polo impacto a nivel condutual, emocional, social e comunicativo nas personas con TEA e nas repercusións directas sobre as familias e, una vez máis, polo esforzo de adaptarse a unha nova normalidade.

As comunicacións regulares para paliar a sobrecarga emocional das familias neste momento, a información sobre as medidas específicas aplicadas á residencia e sobre o estado de saúde e emocional das persoas usuarias, a crecente demanda de recursos de apoio específicos e especializados en persoas con TEA, tramitación de axudas, información sobre a reforma lexislativa relativa ao tratamento da dependencia, entre outros, marcaron a actividade de atención psicosocial e apoio familiar.



En 2021 continuaron os "Encontros con Familias", un espazo para e con as familias do SAI, onde poder compartir sentimentos e experiencias, e achegar información para unha maior comprensión do TEA, contribuíndo á mellora da Calidade de Vida de todos os membros da unidade familiar.

Foron **2 os encontros** que se desenvolveron en 2021 no que participaron un **total de 56 familias**.

Última hora: aos autistas non os levan os extraterrestres

Carmen Molina, presidenta Asociación SINTENO

Con motivo da conmemoración do Día Internacional da Síndrome de Asperger, **Carmen Molina** acompañou as familias e profesionais do Servizo no primer encontro do ano. Nel abordouse a necesidade de concienciar as familias e persoas de referencia sobre a necesidade de dar independencia ás persoas con Autismo, favorecendo o propio desenvolvemento persoal e identidade na idade adulta.

O encontro tivo lugar o xoves 18 de febreiro, e asistiron 38 familias.

Qué é o acoso escolar e como afrontalo

Enrique Pérez-Carrillo de la Cueva, presidente da Asociación Española para a Prevención do Acoso Escolar

Durante a sesión se trataron os diferentes tipos de acoso escolar (físico, psicolóxico, redes, etc.), as sinais de acoso escolar e os procedementos a seguir en caso de acoso (protocolos, atención terapéutica). A xornada rematou cunha ronda de preguntas nas que as famílias expuxeron dúbidas e inquedanzas en relación ao tema.

No encontro, celebrado o xoves 13 de maio, asistiron 18 famílias.

Por mor da COVID-19 ambos Encontros con Familias realizáronse a través da aplicación ZOOM.

SATISFACCIÓN FAMILIAS FUNDACIÓN MENELA

Debido ao curto espazo de tempo transcorrido dende as últimas enquisas de satisfacción enviadas ás familias (xuño 2021), adoptouse a decisión de desenvolver unha dinámica bianual trasladándoas, únicamente, as famílias de Castro Navás para dar cumprimento cos requisitos da norma UNE 158101:2015. As preguntas seguiron sendo orientadas ao apoio recibido e satisfacción das familias neste ano marcado pola COVID-19. Os cuestionarios fixéronse mediante a aplicación "Forms" de Office 36 da empresa Microsoft, igual que o ano anterior.

Das 48 enquisas enviadas, responderon 26 famílias de Castro Navás, onde tiñan que valorar nunha escala do 1 ao 5 o grado de satisfacción co Servizo, sendo 1 o valor mínimo e 5 o máximo. As famílias valoraron especialmente en positivo a información e a atención recibida neste período.

Os resultados foron os seguintes:



“Moi ben sempre estiveron ahí en todo momento ”

“Estamos completamente satisfeitos co trato ao noso irmán no centro Castro Navas. Moitas Grazas a todos vos”

“Excelente, grande capacidade de organización e formación do persoal que traballa no centro”

“A atención é inmediata e as explicacións, que se solicitan ante dúbidas ou problemas puntuais son expresadas de forma clara”

“O noso grado de satisfacción é óptimo, sempre recibimos unha atención ante calquera dúbida ou problema, de grande calidade humana e exquisita educación. Grazas por todo”

“Estamos moi agradecidos ao persoal do Centro Castro Navás por toda a dedicación que lle brindan a nosa filla e creemos que aplicaron as normas sociosanitarias con sensatez”

As familias que responderon á enquisa consideran que o centro cumpriu cos protocolos e as medidas sanitarias durante a pandemia. O 92% sentiron que o seu fillo estaba seguro durante o tempo que permaneceu no centro, o 76% amósase moi satisfeito có contacto mantido durante os períodos de confinamento. O 92% amósase moi satisfetio coa información facilitada. Das familias que se incorporaron recentemente o 80% valora moi satisfactoriamente o proceso de acollida no centro.

PROGRAMAS DE FORTALECEMENTO E RESPIRO FAMILIAR

Os Programas de Fortalecemento e Respiro Familiar brindan ás familias e coidadores habituais un tempo para diminuír a carga física, psicolóxica e emocional asociada ás tarefas de coidado, ao tempo que proporcionan as persoas con TEA novas experiencias lúdicas, culturais e sociais.

Un ano máis, a situación ocasionada polo virus SARS-COV-2. limitou a participación dos adultos a situacións persoais extraordinarias, constituíndo un instrumento esencial para o alumnado do Centro Menela que, un 50%, participou no programa de respiro durante as datas vacacionais de Nadal, Entroido, Semana Santa e Verán, dende finalis de xuño ata mediados de xullo. Todas elas foron levadas a cabo polas ATES nas instalación do Colexio, e en horario de mañá.

Durante eses días gozaron das praias, parques de auga, parques infantís, sendeirismo polo monte, cafetería, etc. actividades que votábamos de menos e onde os alumnos gozaron ao máximo. O último día deste lecer realizaron unha festa onde puideron desgustar, entre outras cousas, as pizzas realizadas por eles mesmos, un día no que se convertiron en auténticos Chefs.

Xestión do Coñecemento

Fundación Menela é un referente na atención e intervención con persoas con TEA, motivo polo que participa na transmisión de coñecemento do TEA formando a profesionais de distintos sectores da contorna máis próxima e natural da persoa con Autismo.

En 2021 foron os docentes vinculados ao sector educativo (Educación Intantil, Primaria e Secundaria), familias e profesionais sanitarios os principais destinatarios das accións formativas. O TEA, modelos de intervención nos centros educativos, materiais adaptados, dificultadas e estratexias na contorna sanitaria e o envellecemento, foron os principais contidos abordados e orientados á especialización en Autismo. Gaña peso a formación impartida en modo *online*, seguida pola presencial e a trasmitida a través de vídeos grabados por profesionais dentro do proxecto **Coidamos-TEA** da FAG (Detección abuso escolar e Alimentación en persoas con TEA).

A alimentación nas persoas con TEA. PROXECTO #CoidamosTEA. AUTISMO GALICIA.

En 2021 impartíronse 12 accións formativas cun total de 26 horas de formación

No Día da Muller, Fundación Menela participou no webinario organizado por Autismo Galicia **"O camiño para a detección do Autismo na muller. Experiencias profesionais e testemuños".** Nel, Macarena Blanco, responsable do Servizo de Diagnóstico e SAI, trasladou a súa experiencia desde o ámbito de diagnóstico no que as mulleres con TEA se refire, as súas diferencias e as dificultades de cribado cós métodos diagnósticos que manexamos na actualidade. No mesmo, Yasmin Carolina, que forma parte do grupo de traballo de mulleres con TEA, narrou a súa experiencia vital, especialmente, nos ámbitos educativo e laboral.



Grazas ao **programa MAS da FAG** e ao compromiso da **Área Sanitaria de Vigo**, seguimos formando aos profesionais sanitarios para mellorar a calidade da atención sanitaria para persoas TEA, porque non nos podemos esquecer que o proceso de atención sanitaria pode resultar complexo e estresante para as persoas con TEA e as súas familias, como para os propios profesionais, co impacto que esta situación pode ocasionar para o coidado da saúde.

En 2021 recibiron formación directa 14 profesionais sanitarios (médicos de familia, pediatras e DUEs).

MENELA REFERENTE DO AUTISMO

Xerar e compartir coñecemento é un elemento prioritario para a Fundación Menela polo que, ao longo do 2021, a entidade acolleu nos seus centros a 8 estudantes en prácticas en virtude aos convenios establecidos con diferentes entidades.

No Colexio Menela formáronse, en réxime de prácticas, 6 persoas procedentes de diferentes titulacións e centros: Ciclo Superior de Integración Social do Colexio Aloia; Ciclo Superior de Integración Social do Colexio San José de la Guía; Grado de mestre en Educación Primaria da Universidade del Atlántico Medio de Gran Canaria; Grao de Psicoloxía da USC. No centro Castro Navás fixeron prácticas 2 persoas. Unha delas do curso de Auxiliar de Psiquiatría do Centro Fomento Profesional e outra do Ciclo de Atención a Persoas en Situación de Dependencia do Colexio de Fillas de María Inmaculada.

Formación

Durante o ano 2021 levaronse a cabo na Fundación Menela un total de 31 accións formativas, das que 4 foron impartidas por persoal propio da entidade e o resto por entidades alleas a Fundación. No seu conxunto, o número de profesionais participantes foi de **115** que recibiron formación por un total de **1.384 horas**, resultando que cada profesional dos Centros recibiu unha media de 12 horas de formación. A formación telemática sende tendo unha grande relevancia.

Das formacións recibidas, cabe destacar a formación en **Xestión do Sistema de Calidade** e de **Ética Aplicada á Intervención Social**, que organizou a propia entidade para os seus traballadores e na que participaron 22 e 16 persoas respectivamente.

Ademáis, recibiron formación en Gobernanza e principios de Xestión en ESAL, sobre a reforma á lexislación civil e procesual para o apoio a persoas con discapacidade, seguiuse profundizando sobre a intervención en persoas con TEA, o benestar emocional e saúde mental infanto xuvenil no TEA, na educación afectivo sexual, emprego e o envellecemento deste colectivo.

Acción Voluntaria

Fundación Menela está inscrita como **Entidade de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia** desde 2005.

O voluntariado sempre estivo presente na Rede Menela, realizando actividades de apoio na atención directa e acompañamento nas actividades de lecer e respiro familiar.

Baixo a coordinación xeral da área psicosocial, a organización e xestión do programa de voluntariado recae nos responsables dos servizos aos que se adscriben.

6

Sensibilización Social e Visibilidade

Día Internacional da Síndrome de Asperger

Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo

Día Internacional das Persoas con Discapacidade

Xacobeo Autismo. Un Camiño de Todos

18 de febrero, Día Internacional da Síndrome de Asperger

Fundación Menela sumouse a Campaña da Confederación **Autismo España #HazEspacio**, que busca poñer de manifesto o esforzo do colectivo por encaixar en entornos inflexibles que non se adaptan as súas necesidades e características. Este 2021 pon o foco no dereito das persoas con Asperger a aprender e a traballar, alertando das altas tasas de desemprego do colectivo e incidindo na promoción da Formación Profesional.

Os hashtags #DiaInternacionalAsperger e #HazEspacio foron os protagonistas durante días previos á celebración nos que as redes sociais da Fundación compartiron imaxes que representan as posturas incómodas que están obrigadas a adoptar as persoas con Asperger

Para conmemorar este día Carmen Molina abordou no Encontro con Familias, a necesidade de conciencialas sobre a importancia de dar independencia ás persoas con Autismo, favorecendo o propio desenvolvemento persoal e identidade na idade adulta.

Fundación Menela participou no **acto institucional da FAG** a través da intervención "Competencia e empregabilidade das persoas con TEA sen discapacidade intelectual" na que Gabriel Gil contou a súa experiencia formativa e prelaboral na gasolineira da Praza de España (Vigo), compartindo a importancia que o emprego ten na súa vida, as barreiras e medos para encontralo, as ganas de traballar, e a constancia na busca de oportunidades para afrontar a vida adulta con independencia e autonomía.

2 de abril. Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo

CAMPAÑA CONCIENCIACIÓN "PODO APRENDER. PODO TRABALLAR"

O 2 de abril celebramos o Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo, un día no que queremos visibilizar a realidade que viven todos os días do ano as persoas con TEA e as súas familias, sumándonos a campaña do movemento asociativo do autismo baixo o lema "Podo APRENDER. Podo TRABALLAR" para reivindicar o dereito a unha educación e un emprego para todas as persos con Autismo.

As persoas con TEA teñen dereito a acceder a unha educación de calidade que promova o éxito académico e o desenvolvemento persoal, pero que tamén facilite o seu acceso ao mercado laboral, atendendo para iso as capacidades e necesidades específicas de cada unha.

Por mor da COVID-19, a maior parte das actividades estiveron focalizadas en campañas activas nas redes sociais, inundadas por fotos sostendo ferramentas para visibilizar o talento e as capacidades das persoas con TEA, e nas que tamén compartimos testimonios para dar a coñecer as barreiras, oportunidades e realidades coas que convivimos nestas dúas áreas fundamentais que inciden diretamente na calidade de vida. Nesta ocasión os *hashtags* #DiaMundialAutismo #PuedoAprederPuedoTrabajar ocuparon as redes nestes días.

Fundación Menela presenta "Donde el tiempo no funciona" de PANUC para conmemorar o Día Mundial do Autismo e súmase a campaña do movemento asociativo do autismo "Puedo Aprender. Puedo Trabajar"

PRESENTACIÓN LIBRO "DONDE EL TIEMPO NO FUNCIONA" DE PANUC

No marco das actividades programas para o DMCA, Fundación Menela presentou o libro **"Donde el tiempo no funciona"** a través do seu canal de Youtube. Tralas siglas PANUC, hai moito mais que as iniciais dos membros da **familia Sánchez Muiña**. Paula, Antón, Nuria e Conchi coseron as palabras desta novela con humor e, especialmente, con corazón. Unha novela que **visibiliza aos irmáns que teñen que vivir á sombra dun irmán con Autismo.**

> En palabras de PANUC: *Un día alguén nos dixo: ¨Acostumarédesvos¨. Pero a realidade é que nunca o fixemos. Con todo, sí continuamos aprendendo cada día para vivir coas singularidades da nosa filla Paulosky con condición de espectro autista, aprendendo que a integración é bidireccional; porque sempre tratamos de normalizar a súa vida nun mundo de ruído e desorde que lles desconcerta, cando sería máis fácil que nós nos mergullásemos no seu. No noso caso, coa inestimable axuda da FUNDACIÓN MENELA, e doutros centros e profesionais que lles precederon.*

A novela DONDE EL TIEMPO NO FUNCIONA está narrada desde o punto de vista de Nuria, a irmá pequena de Paulosky, en clave dunha especie de aventura tremendamente divertida que transcorre á vez que ela vai crecendo ata chegar á universidade. Esta aventura céntrase na procura do lugar ou a forma onde o tempo transcorra da mesma maneira para ambas facendo que eses fatídicos tempos de espera entre berros e autoagresiones poidanse normalizar, normalizando así a vida de ambas.

Na presentación, que tivo lugar no xardín da sede de Afundacion de Vigo, Conchi e a súa filla Nuria estiveron arropadas polo director xeral da Fundación Menela, Cipriano L. Jiménez, a directora do Centro Castro Navás, Pilar Pardo, no que actualmente reside Paula, e Berta Meijide, profesora nos seus tres últimos anos escolares no CEE Menela, e profesional que a acompañou na súa transición a Castro Navás.

Có fin de dar voz as persoas con Autismo, os rapaces e rapazas do SAI sairon a rúa para preguntar a xente e aos comerciantes do Casco Vello **QUÉ É O AUTISMO?** e **CÓMO CREN QUE É UNHA PERSOA CON AUTISMO?**

Esta acción culminou o 2 de abril coa publicación do vídeo de **LUCÍA CAMPOS GONZÁLEZ,** rapaza con TEA usuaria do SAI, que explica de primeira man O Autismo. Un fantástico recurso audiovidual no que destacamos a claridade da exposición de Lucía, e a importante achega para coñecer o TEA e facilitarnos a súa comprensión.

O Autismo, compartido nas redes da Fundación, foi enviado a 111 colexios contando, no momento da redacción desta memoria, con 314 visualizacións.

Lucía Campos foi convidada ao Acto Institucional do DMCA organizado por **Autismo Galicia**, quen fixo una sentida lectura do Manifesto e recibiu un caluroso aplauso do público polo seu compromiso e exposición durante a mesma.

Centrados na persoa, nas súas fortalezas e debilidades, nos seus gustos, intereses e expectativas persoais, para conmemorar o DMCA, o **alumnado do CEE Menela foi o protagonista de sete videos para dar a coñecer as súas aprendizaxes do día a día**, un exemplo do talento das persoas con Autismo e da importancia de xenerar oportunidades.

Pola súa parte, o Centro Castro Navás compartiu o propio 2 de abril o proceso de creación do **graffiti "Menela**" realizado por Marta, Víctor, Miguel e Yoli. Unha experiencia cargada de creatividade, ilusión e moita cor, que se enmarca dentro do proxecto "Persoas Artistas" que desenvolveu durante meses Dudi Villanueva no centro con persoas adultas con #TEA.

ILUMINEMOS O MUNDO DE AZUL

O **Concello de Vigo, Concello de Nigrán, Concello de Baiona e o Concello de Gondomar** sumáronse a campaña internacional Light it Up Blue (#LIUB), promovida por Autism Speaks, tinguindo na tarde do 2 de abril as Fontes da Rúa Aragón, as casas dos concellos de Nigrán, Baiona e Gondomar, a *Ponte Románica de La Ramallosa* e a Virxe da Rocha en Baiona como mostra de apoio e solidaridade coas persoas con Autismo as súas familias.

Día Internacional das Persoas con Discapacidade

BAIXO O MESMO PARAUGAS. GALIZA POLA DIVERSIDADE

O 3 de decembro preto de 90 entidades sociais de toda Galicia unímosnos cos nosos paraugas para celebrar o DIPD e reivindicar unha sociedade máis xunta e igualitaria para todas as persoas, movilizar os apoios para a construcción dunha sociedade máis inclusiva, e defender xuntas os dereitos de todas as persoas a ter unha vida feliz. Nestes días a Rede de Servizos da Fundación sumouse ao reto viral compartindo en redes sociais imaxes co *hashtag* #ParaugasPolaDiversidad e #BaixoOMemoPaugas @GaliciaDiversa

UN NIGRÁN PARA TODOS

"Liderazgo e participación das persoas con discapacidade na construción dun mundo postcovid inclusivo, accesible e sostible".

No Día Internacional das Persoas con Discapacidade seguimos sumando sinerxias para reivindicar e dar voz aos desexos e demandas. Nesta edición do 2021 e a través do grupo de traballo "Un Nigrán para Todos", subímonos en dúas ocasións ao escenario do Auditorio do Concello de Nigrán.

De mañá o fixemos da man do Centro Juan María. Víctor Casaldarnos participou, xunto a dous compañeiros do Centro Juan María de Nigrán, na lectura do Manifesto elaborado polo CERMI. Un merecido aplauso recibiron os tres fantásticos lectores quenes conseguiron emocionar ao público asistente.

De tarde, foi Adrián Márquez quen, con determinación, subiu a palestra para compartir a súa experiencia durante a realización do Camiño de Santiago da Costa na xornada "Descubrindo talentos e boas prácticas na discapacidade".

Xacobeo Autismo. Un Camiño de Todos

'Xacobeo Autismo. Un Camiño de Todos' é unha iniciativa da Fundación Menela que se enmarca dentro do programa **O teu Xacobeo** da Xunta de Galicia para a dinamización do Xacobeo 2021. No seu desenvolvemento contou có apoio e colaboración do **Concello de Nigrán**.

En 2019 iniciamos o Camiño Portugués da Costa e o fixemos desde A Guarda ata Nigrán; foi unha experiencia que converteu aos rapaces e rapazas de Castro Navás en verdadeiros peregrinos e peregrinas, reportou vivencias moi positivas, e contribuíu a facer o Camiño mais accesible.

No ano 2020 tivemos que suspender a realización do proxecto polas restricións impostas pola COVID-19. En 2021, coas correspondentes autorizacións de Política Social e Sanidade, retomamos o camiño con máis ilusión, implicación e responsabilidade que nunca, porque xa nos facía falta cambiar a rutina do noso día a día en Castro Navás e deixar atrás longos meses de restricións, gozando do compañeirismo que xorde dos retos compartidos. Nesta segunda edición, fixemos o traxecto comprendido entre Nigrán en Pontevedra.

XACOBEOAUTISMO
Un camiño de todos
2021

'Xacobeo Autismo. Un Camiño de Todos' desenvolveuse entre o 27 de abril e o 7 de xuño de 2021, sendo tres as accións principais do mesmo: '**Facendo Camiño**', '**Camiña Connosco**' e '**Un Camiño de Todos**', que se resumen a continuación:

Facendo Camiño

'Xacobeo Autismo' ofreceu a 20 persoas con TEA e discapacidade intelectual do Centro Castro Navás, a oportunidade de vivir e compartir a experiencia dun tramo do Camiño Portugués da Costa. O 7 de maio Fundación Menela, a Xunta de Galicia e o Concello de Nigrán presentaron, en rolda de prensa, o Proxecto 'Xacobeo Autismo. Un camiño de todos'. Castro Navás acolleu este acto de presentación no que participaron o alcalde de Nigrán, Juan A. González, a delegada da Xunta de Galicia en Vigo, Marta Fernández-Tapias, o director xeral da Fundación Menela, Cipriano L. Jiménez, e a directora de Castro Navás, Pilar Pardo, os cales estiveron acompañados polo equipo directivo da Fundación Menela.

O tramo do Camiño Portugués da Costa comezou o 11 de maio en Nigrán, cun percorrido organizado en 6 etapas pasando por Coruxo, Vigo, Teis, Redondela, Arcade ata chegar o 26 de maio a Pontevedra.

Os peregrinos e peregrinas de Castro Navás foron recibidos por diferentes representantes políticos e membros das corporacións municipais dos Concellos polos que transcorre o Camiño Portugués da Costa. O 11 de maio saímos de praia América acompañados por representantes do Concello de Nigrán: concelleira de Terceira Idade, María Mayán, concelleira de Turismo, Xuventude e Participación Cidadá, Cristina Dosil, e a concelleira de Asuntos Sociais, Bibiana Peixoto. Na saída desde o Concello de Vigo, o 18 de maio, estivemos acompañados polo alcalde Abel Caballero. Na vila de Redondela, o 25 de maio, recibiunos na Casa do Concello a súa alcaldesa, Digna Rivas, e a concelleira de Educación, Olga García. Na sexta e última etapa do camiño, recibiunos Miguel Anxo Fernández, alcalde de Pontevedra, e a concelleira Eva Villaverde.

Camiña Connosco

Este ano, debido as restricións vixentes, os Centros Educativos e os Centros de Atención a Persoas con Discapacidade non puideron acompañarnos camiñando como se fixera dous anos antes. Aínda así, un total de **7 Centros Educativos déronnos o seu apoio durante as etapas do Camiño dun xeito virtual: CEIP Humberto Juanes de Nigrán, Colexio Apóstolo Santiago de Vigo, CEE Saladino Cortizo de Vigo, IES A Guía de Teis, CEIP Reboreda de Redondela, IES Soutomaior e IES Montecelo de Pontevedra**. Estes centros educativos enviáronnos forzas a través duns vídeos elaborados por eles e os seus mestres, nos que mostraban as paraxes e lendas máis bonitas e interesantes da súa zona para poder visitar durante a nosa estadía no seu concello. Esta iniciativa contribuíu a visibilizar e achegar o Autismo á sociedade.

Un Camiño de Todos

O valor do proxecto reside tamén noutra das súas accións principais, impulsar a mellora da accesibilidade cognitiva dos espazos polos que transita o Camiño Portugués da Costa. Debido á situación sanitaria excepcional, solicitamos a colaboración do SERGAS para colocar Sistemas Aumentativos e Alternativos da Comunicación na sinaléctica dos centros de saúde a fin de mellorar a accesibilidade cognitiva das persoas con TEA en espazos sanitarios.

Tras unha revisión da sinaléctica, proposta de sinalización e información sobre a importancia da accesibilidade cognitiva para as persoas con Autismo e con graves dificultades na comunicación, os **Centros de Saúde de San Paio de Navia e Teis**, situados na área sanitaria de Vigo, os **albergues de A Conserveira de Redondela e Ponte Sampaio de Arcade, e a hospedaría Pazo Pías en Nigrán, sinalizáronse con pictogramas.** Nas 5 edificacións, 3 de uso público e 2 de uso privado, colocáronse un total de 215 pictogramas.

Atendendo a dureza emocional que está a vivir o persoal sanitario por mor da COVID-19, este ano quixemos render homenaxe ao traballo realizado nesta pandemia.

A homenaxe ao persoal sanitario contou cun acto de agradecemento no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e o Centro de Saúde Val Miñor, centros de referencia para as persoas usuarias e residentes do Centro de Día e Residencial Castro Navás.

No acto, que tivo lugar no Hospital Álvaro Cunqueiro, participaron o xerente da Área Sanitaria de Vigo, Javier Puente, quen estivo acompañado polo responsable do Servizo de Mediciña Preventiva, Dr. Víctor Miguel del Campo, o coordinador do SERGAS para o seguimento a Centros de Discapacidade da Área de Vigo, Dr. Rafael Vázquez Gallardo, a psiquiatra Dra. Tania Álvarez Estévez, e a subdirectora de Prestación Farmacéutica, Isabel Rey.

Adrián Márquez e Víctor Casaldarnos, en representación de todos os rapaces e rapazas do Centro de adultos Castro Navás, foron capaces de emocionarnos e transmitir os sentimentos vividos durante esta pandemia a través da lectura dunha carta de agradecemento e recoñecemento o labor que desenvolveron, e seguen realizando, cada un dos profesionais da Área Sanitaria de Vigo. Ao finalizar, fixéronlle entrega dun agasallo elaborado nos obradoiros terapéuticos de Castro Navás como mostra de gratitude.

7

Comunicación e Difusión

Ferramentas de Comunicación

Impactos en Medios de Comunicación

En 2021 seguimos traballando para visibilidade e voz a realidade das persoas con TEA e as súas familias, e promover o posicionamento da Fundación como entidade referente. A xeración de contidos dixitais e unha relación constante e fluida cos medios de comunicación, xestionando todas as peticións de información e entrevistas solicitadas, marcan a actividade nesta área de actuación.

Durante 2021, a nosa estratexia dixital seguiu proporcionando resultados satisfactorios.

3.323 "Me Gusta"

4.294 Visitas

40.750 Alcance

Facebook: @menela.gal

2.145 Visitas

3.376 Alcance

1.220 Seguidores

Instragram: @fundacionmenela

Abril foi o mes con maior actividade en redes socias, coincidindo có DMCA, seguido de xuño, mes no que se desenvolveu o proxecto Xacobeo Autismo. A publicación que obtivo máis "Me Gusta" recollía a finalización das prácticas formativas de Fabi pondo en valor compromiso de empresas como Replay Games (Vigo) para dar oportunidades a persoas con TEA.

En 2021, www.menela.gal rexistrou un total de **13.092 visitas**; 2.705 visitas foron usuarios novos.

Espazo Web propio do proxecto na web da Fundación Menela con acceso a descargas directas do díptico, dossier e guía de acesibilidade.

Facebook: Desde o 7 de maio e ata o 3 de xuño, realizáronse 32 publicacións directas do proxecto sendo as tres publicacións que obtiveron un maior alcance: 'O Camiño, mais ca un roteiro. Primeira etapa Nigrán-Coruxo´ (3.776 persoas alcanzadas e 140 Me Gusta); 'Experiencias que enriquecen. Sexta etapa: Arcade-Pontevedra (3.527 persoas alcanzadas e 123 Me Gusta) e o vídeo realizado polos alumnos e alumnas do CEIP Humberto Juanes có que comezamos a andaina desde Nigrán (3.434 persoas alcanzadas e 1.087 reproducións)

Instagram: Durante o período da execución do proxecto realizáronse 17 publicacións que conteñen un total de 56 imaxes que recollen a experiencia vivida do Camiño.

#OteuXacobeo
#Xacobeo2021
#XacobeoAutismo

Neste exercicio crease o **Canal Youtube** Fundación Menela co obxectivo de agrupar recursos propios da Fundación Menela.

En 2021 recóllense **42 impactos en medios de comunicación** xeneralistas. Cabe destacar una maior dificultade para dar cobertura presencial por parte dos medios de comunicación nos actos organizados.

